



DATOS IDENTIFICATIVOS

Conciencia Lingüística (Language Awareness) e Adquisición de Segundas Linguas en Contextos Multilingües

Materia	Conciencia Lingüística (Language Awareness) e Adquisición de Segundas Linguas en Contextos Multilingües			
Código	V01M126V01201			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Profesorado	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Correo-e	xoanp@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Analizaremos o papel que as destrezas lingüísticas que xa posúe o falante (e/ou alumno), xogan na adquisición de L2 (L3, L4...), nomeadamente a súa conciencia (meta)lingüística en situacións de bilingüismo.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
C1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística
C3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
C7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística.

C9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
C10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
D1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
D2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
D4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os recursos metodolóxicos para o estudo da adquisición de L1 e L2 en contextos multilingües e multimodais.	A1 A2 A3 B1 B2 B5 C1 C3 C7 C9 C10 D6
Comprender os fundamentos da conciencia metalingüística (language awareness) que permiten tender pontes entre a adquisición de L1 e L2.	A1 A4 A5 C1 C7
Adquirir aspectos teóricos e prácticos relacionados co ensino de linguas.	A1 A2 A4 A5 B2 C1 C7 C10
Manexar coñecementos do eido de investigación do bilingüismo.	A2 B2 B5 C1 C3 D4
Saber aplicar recursos para a elaboración de materiais didácticos de ensino de linguas adaptados ós novos contextos multilingües.	A2 A3 A4 A5 B2 B4 C7 C9 C10 D1 D2 D4 D6 D8
Dominar aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación sociolingüística.	A2 B2 D8

Contidos

Tema	
1. Nocións de partida. 1.1. Conciencia (meta)lingüística. 1.2. Bilingüismo. 1.3 Bilingüismo e desenvolvemento das capacidades cognitivas.	1.1. Conciencia (meta)lingüística. 1.1.1 A conciencia (meta)lingüística como destreza cognitiva. 1.1.2 A conciencia (meta)lingüística como compoñente emocional. 1.1.3 A conciencia (meta)lingüística como discurso. 1.1.4 Adquisición e aprendizaxe da conciencia (meta)lingüística. 1.2. O termo bilingüismo. 1.2.1 Termos, conceptos e ferramentas. 1.2.2 A discriminación entre bilingüismo, plurilingüismo e multilingüismo. 1.2.3 Tipos de bilingüismo. 1.2.4. Psicolingüística do bilingüismo. 1.2.5 Sociolingüística do bilingüismo.
2. Bilingüismo e destrezas cognitivo-intelectivas. 2.1 O descubrimento precoz da arbitrariedade lingüística. 2.2 As etiquetas-lingua.	2.1 O descubrimento precoz da arbitrariedade lingüística. 2.1.1 Monolingües e bilingües. 2.1.1.1 Diferencias nas súas experiencias de adquisición lingüística: aspectos emocionais e cognitivos. 2.2 As etiquetas-lingua. 2.1.1 Factores emocionais. 2.1.2 Factores cognitivos. 2.1.3 As etiquetas-lingua adultas.
3. Adquisición de L2 en contextos plurilingües. 3.1. Adquisición e aprendizaxe espontáneas. 3.2 Aprendizaxe formal e regrada.	3.1 Adquisición e aprendizaxe espontáneas de L2. 3.1.1 ¿Como aprenden linguas os inmigrantes? 3.1.2 Papel acumulativo da conciencia lingüística nos inmigrantes. 3.2 Aprendizaxe formal e regrada. 3.2.1 A detección do repertorio comunicativo do alumno na aula de L2. 3.2.2 Tácticas do profesor.
4. O recurso á(s) lingua(s) do alumno en didáctica de L2. 4.1 Posicións teóricas. 4.2 Explotación das linguas do alumno na aula de L2.	4.1 Posicións teóricas. 4.1.1 Propostas inhibitorias. 4.1.2 Propostas propiciadoras. 4.2 Explotación das linguas do alumno na aula de L2. 4.2.1 Explotación comunicativa na interacción alumno-profesor e alumno-alumno. 4.2.2 Uso estratéxico do code-switching. 4.2.3 Condicións de aprendizaxe e ansiedade. 4.2.4. Explotación contrastiva das linguas do alumno. 4.2.5 As pontes lingüísticas da intercomprensión.
5. Desenvolvemento da conciencia (meta)lingüística do aprendiz na didáctica plurilingüe panromance. 5.1 A nosa conciencia inhibida. 5.2 Estereotipos perceptivos e emocións.	5.1 A nosa conciencia inhibida. 5.1.1 Descubrimento do colateralidade ou proximidade lingüística e cultural. 5.2 Estereotipos perceptivos e emocións. 5.2.1 Descubrimento da reciprocidade perceptiva.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	0	60	60
Sesión maxistral	15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Haberá un traballo de investigación en relación cos contidos da materia. O profesor orientará ó alumno na esollha do traballo, na súa orientación, na pescuda bibliográfica, así coma no seu desenvolvemento.

Sesión maxistral Nas clases maxistrais expóranse os contidos da materia, seguindo unhas lecturas orientativas mínimas (obrigatorias) que se lles ofrecerán ós alumnos. Estipularanse sesións específicas de debate sobre cuestións que susciten un interese particular ó fío dos problemas vistos.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Traballos tutelados En titorías ou vía electrónica, cada alumno poderá consultar calquera aspecto en relación cos contidos da materia -explicacións de clase, lecturas obrigatorias e traballo de curso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballos tutelados	Traballo de investigación que o alumno terá que entregar ó final do curso, en tempo e forma que serán debidamente consensuados.	70	A1 A2 A3 A4 A5	B4	C9 C10	D1 D4 D8
Sesión maxistral	Exposición teórica dos contidos da materia. Comentarios e debates entre os presentes sobre os problemas tratados e as lecturas obrigatorias. Considérase fundamental unha efectiva realización en profundidade das lecturas indicadas.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B5	C1 C3 C7	D2 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Considérase moi aconsellable a asistencia ás clases presenciais para unha axeitada comprensión da materia. A nota final ha ser o resultado das dúas cualificacións parciais arriba indicadas.

Aqueles alumnos que se vexan na imposibilidade de asistir a clases (por motivos xustificadas) compensarán a súa inasistencia con lecturas específicas.

Na avaliación de xullo, os alumnos deberán entregar o traballo de investigación de curso estipulado para a avaliación de maio.

Bibliografía. Fontes de información

Ellen Bialystok, **Bilingualism in development. Language, literacy, and cognition.**, 2001,

Jim Cummins, **Rethinking monolingual instructional strategies in multilingual classrooms**, 2007,

Agneta M.-L. Svalberg, 2012,

M^a Mar Galindo Merino, **L1 en el aula de L2. ¿Por qué no?**, 2011,

No comezo do curso, facilitarase unha Bibliografía completa e detallada ós alumnos matriculados, clasificada por sub-áreas temáticas, e tanto de lecturas recomendadas como de lecturas complementarias.

Recomendacións